

# **Monólogo do poeta da lúa**

[poema ó cadre *Home azul con pombas*,  
de Alfredo Erias]

OLGA PATIÑO NOGUEIRA

A soedade  
é  
un berro  
é  
algo túrbido  
que me muiña  
ó  
ouvido unha lonxana  
canción de berce  
que me fai ter  
saudade  
dos peitos de miña nai  
arrolando o meu sono...  
Sinto a  
soedade  
coma un coitelo...  
A lúa  
e  
as pombas  
son o más consistente que teño.  
Fáltanme forzas  
para  
seguir vivindo.  
As feridas dos poetas  
non pechan,  
desángrante...

A miña vida  
é  
unha morte  
moi lenta...

Aló arriba está a lúa,  
as súas máculas prateadas  
estanme esperando  
¡Quixerá ter ás  
e  
voar ata a súa redondeza!

De tal xeito  
arredo o meu corpo,  
que  
me anúa á terra,  
-asasina dos meus soños-.

Voarei ata chegar á lúa  
e  
transformareime nunha das  
súas máculas prateadas.

Alí non me decatarei  
do bafo da soedade  
nin  
do asubío do vento  
que  
crebou os meus soños...

Soamente lembrarei  
a canción de miña nai,  
o recendo da terra húmida  
e  
a orixe máis fonda do sentimento




Qixen e non puiden,  
ou non souben,  
ou estiven cego,  
ou quizais...

fun invisible  
para os demais  
que non me viron.

O camiño da miña vida  
chegou ó seu fin.

Vou na túa procura, LÚA  
no convencemento de que  
-en ti-

atoparei a harmonía  
(que tanto preciso)  
o apracible da compaña  
e tamén  
o canto máxico  
que  
estarrece a alma...



***ENTIDADES CULTURAIS  
E DEPORTIVAS...***

